CA5.8 - Representar matematicamente a información máis relevante dun problema, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando diferentes ferramentas e formas de representación para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa a información máis relevante dun problema, conceptos, procedementos e resultados matemáticos utilizando diferentes ferramentas e formas de representación como as técnicas de reconto, diagramas de árbore e táboas de continxencia, valorando a súa utilidade para compartir información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. - Resolución de situacións e problemas da vida cotiá en que se teñan que facer recontos sistemáticos, utilizando estratexias (diagramas de árbore, técnicas de combinatoria etc.). - Incerteza. - Aplicación do cálculo de probabilidades para tomar decisións fundamentadas en diferentes contextos, aplicando a regra de Laplace e técnicas de reconto (diagramas de árbore, táboas...) en experimentos simples e compostos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Resolución de problemas sinxelos de probabilidade condicionada en contextos da vida real. - Planificación e realización de experimentos simples e compostos para estudar o comportamento de fenómenos aleatorios en situacións contextualizadas.

UD	Título da UD	Duración
12	Matemáticas para a vida en sociedade	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Identificar e xestionar as emocións propias, desenvolver o autoconcepto matemático xerando expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Identifica e xestiona as emocións propias, desenvolve o autoconcepto matemático xerando expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	TI	100
CA6.2 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas aceptando a crítica razoada.	Mostra unha actitude positiva e perseverante ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas aceptando a crítica razoada.		
CA6.3 - Traballar e colaborar activamente en equipos heteroxéneos respectando as diferentes opinións e comunicándose de maneira efectiva. Utilizar o pensamento crítico e creativo para tomar decisións e realizar xuízos informados.	Traballa e colabora activamente en equipos heteroxéneos respectando as diferentes opinións e comunicándose de maneira efectiva. Utiliza o pensamento crítico e creativo para tomar decisións e realizar xuízos informados.		
CA6.4 - Xestionar a repartición de tarefas do equipo achegándolle valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa e responsabilizándose do rol asignado.	Xestiona a repartición de tarefas do equipo achegándolle valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa e responsabilizándose do rol asignado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - Mostras de curiosidade, iniciativa, perseveranza e resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Xestión das emocións que interveñen na aprendizaxe das matemáticas, como a autoconciencia, a autorregulación e a perseveranza. - Fomento da flexibilidade cognitiva, buscando un cambio de estratexia cando sexa necesario, transformando o erro en oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Asunción de responsabilidades e participación activa para optimizar o traballo en equipo. - Disposición a pedir, dar e xestionar axuda para a xestión de conflitos. - Reflexión sobre as ideas clave de situacións problemáticas para ser capaz de tomar decisións adecuadas en situacións similares. - Inclusión, respecto e diversidade.

Contidos

- Actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.
- Uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.
- Contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base nas que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaráanse distintas metodoloxías buscando a acción educativa máis axeitada en función do momento e contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender os distintos ritmos de aprendizaxe. Tamén se intentará que a organización da aula sexa o máis axeitada para o desenvolvemento do traballo en equipo, sempre en coordinación co resto do profesorado.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Busca dunha aprendizaxe significativa: por distintos medios obteremos información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo deste coñecementos, cada alumno poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

Busca dunha aprendizaxe funcional: é moi importante que o alumnado coñeza a utilidade dos contidos tratados. Para conseguilo, introducíranse os contidos a partir de situacións problemáticas que as/os mesmas/os alumnas/os aplicarán os coñecementos adquiridos á resolución de problemas.

Fomentárase a reflexión persoal sobre o proceso de aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida valorar o seu progreso e corrixir os erros cometidos.

Promoverase a colaboración entre o alumnado, para que así sexan conscientes das vantaxes de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo.

MÉTODOS DE ENSINANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

A clase invertida: nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilizarase a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

Métodos expositivos: fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

Métodos demostrativos: a diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combinaráanse métodos expositivos e métodos demostrativos.

Método titorial: a idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e axuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode

transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

Método interrogativo: as preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introdutorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos da materia
Fichas de actividades de consolidación
Fichas de actividades de reforzo
Fichas de actividades de ampliación
Materiais manipulativos (para o traballo da xeometría, por exemplo)
Caderno da/o alumna/o
Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado,...)
Aula de informática

Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra, por exemplo)

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo. Ademais tamén se utilizará a aula de informática na que haberá ordenadores nos que se instalará o software libre necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e nos que se utilizarán tamén aplicacións web. Compre destacar que esta materia está incluída no programa Edixgal, co que non haberá asignado un libro de texto.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizarase unha avaliación inicial, cuxo resultado servirá para decidir a necesidade de adoptar medidas de reforzo para os alumnos que o precisen.

Os instrumentos que empregaremos para a avaliación inicial son:

- Proba escrita (realizarase ou non a criterio do profesor correspondente): versará sobre os primeiros contidos novos da materia desenvolvidos na primeira quincena do curso.
- Informes académicos dispoñibles de cursos anteriores.
- Observación sistemática de alumnos na aula.

Durante os dous ou tres primeiros días de clase, repasaranse os contidos de cursos anteriores necesarios para comezar a traballar. A continuación, procederá ó desenvolvemento da programación, e conforme se vaian presentando os primeiros novos contidos do curso, mediante preguntas orais e a través da observación, o profesor procederá a identificar e constatar as necesidades e dificultades detectadas. En caso de considerarse conveniente a realización dunha proba escrita, indicarase ós alumnos o peso e características da mesma para a obtención da nota da primeira avaliación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	5	5
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	5	5	20	100
Proba escrita	100	100	100	100	0	80
Táboa de indicadores	0	0	0	0	100	20

Criterios de cualificación:

A avaliación dividirase en tres períodos avaliativos aos que nos referiremos como trimestres. Estes trimestres terán todos a mesma ponderación de cara á cualificación final.

Cualificación de cada trimestre

Para a cualificación trimestral teranse en conta os seguintes puntos cos pesos que se definen a continuación:

- **Probas escritas (80%):**

Realizaranse polo menos dúas probas escritas ao longo do trimestre.

Realizarase a media ponderada das cualificacións acadadas nas probas escritas realizadas. O peso individual desas probas ou proxectos na cualificación deste apartado quedarán a discreción do docente encargado de impartir a materia, coa fin de facilitar a adaptación do proceso avaliativo ás necesidades específicas do grupo-clase.

- **Traballo Diario (20%):**

Para a avaliación deste punto, empregaranse os seguintes instrumentos:

- **CADERNO DE CLASE E EXERCICIOS PARA ENTREGAR (10%):** Esta, a súa vez, subdividirase en dúas:

* **Caderno de Clase (5%):** Farase polo menos unha recollida e corrección do caderno de cada alumno por trimestre. Para a súa corrección empregarase unha rúbrica que será publicada na aula virtual a inicios do curso académico.

* **Exercicios para Entregar (5%):** Ao longo do trimestre, pediráselle ao alumnado que entregue unha serie de tarefas cun enfoque especialmente competencial.

En calquera caso, valorándose o traballo diario do alumno, a capacidade de corrección dos seus erros, a capacidade de expoñer as ideas de xeito claro e comprensible,...

- **GUÍA DE OBSERVACIÓNS DE AULA (10%):** Neste punto valorarase a entrega e realización de tarefas en prazo, esforzo, participación,...

Todo esta información quedará recollida no caderno de clase do profesor, no que se recollerán todos os feitos relevantes e precisos para a devandita cualificación.

Con todo este proceso obterase a cualificación trimestral, a cal será a que se teña en conta para a avaliación final. Esta nota será un número decimal comprendido entre 0 e 10, que se obterá sumando todos os puntos anteriormente citados, aproximado por redondeo ás centésimas.

Non debe confundirse esta cualificación coa que virá reflexada no boletín trimestral de cualificacións, a cal será un número enteiro comprendido entre 0 e 10 que se obterá aproximando a cualificación trimestral obtida ás unidades por truncamento, agás que a parte decimal sexa igual ou superior a 75 centésimas. Nese caso, á aproximación optida por truncamento engadiráselle unha unidade.

Considerarase que o trimestre foi superado cando a cualificación que quedará reflexada no boletín sexa igual ou superior a 5 puntos. Noutro caso, considerarase que o alumno non superou o trimestre e terá que realizar unha recuperación.

Avaliación Final:

Para a obtención da cualificación para a avaliación final realizarase a media aritmética das cualificacións trimestrais obtidas, aproximándoa ás unidades por redondeo.

Téñase en conta que as cualificacións trimestrais empregadas neste punto non coincidirán necesariamente coas cualificación que aparecen reflexadas no boletín de cualificacións trimestrais. A diferenza entre ambas foi exposta con claridade no epígrafe anterior.

Considerarase que a materia está superada se o alumno superou as tres avaliacións ou se a media aritmética das tres avaliacións redondeada ás unidades é igual ou superior a 5, sempre e cando só haxa unha avaliación non superada na que a cualificación obtida foi igual ou superior a 4 puntos.

Criterios de recuperación:

No caso de non superar algún trimestre, o alumno terá dereito a realizar unha proba de recuperación das avaliacións que o alumno non teña superadas na que se terán en conta os mínimos marcados nas unidades da programación. A recuperación realizarase tras celebración das sesións de avaliación de cada trimestre e a nota obtida substituirá á cualificación obtida no apartado Probas escritas e/ou proxectos, tendo a mesma ponderación que a que apareza nese apartado.

De non superar esas recuperacións, terase en conta para a cualificación final a máxima nota obtida entre o promedio das notas obtidas na avaliación ordinaria e a proba de recuperación.

No caso de que, tras a realización da 3ª avaliación e coas recuperacións das avaliacións anteriores feitas, a alumna ou alumno teña varias avaliacións non superadas, quedará baixo discreción do docente encargado de impartir a materia a repetición ou non das probas pendentas, así como a posibilidade de unificar as probas nunha soa, avaliar ao alumno por partes ou mesmo facer un exame global de todo o curso. En calquera caso, esa cualificación substituiría á

nota obtida no apartado Probas escritas, tendo a mesma ponderación que a que apareza nese apartado, sempre e cando esta sexa igual ou superior á nota xa obtida nas avaliacións ordinarias ou recuperacións previamente realizadas. Cómpre destacar que, de celebrarse, realizarase nas sesións previas á celebración da 3ª avaliación, a cal, tal e como marca a Orde do 27 de decembro de 2022, coincidirá coa avaliación final.

No referente ao apartado Traballo diario, no caso de que a cualificación obtida neste bloque na 3ª avaliación sexa estritamente superior que as cualificacións obtidas nos outros dous trimestres neste punto, a nota do devandito apartado nos trimestres anteriores será substituída pola cualificación acadada no último deles, co obxecto de premiar o esforzo e o progreso do alumno.

Para o alumnado que ten superada a materia, abrirase a posibilidade de subir nota na cualificación final. Quedará a discreción do docente encargado de impartir a materia a metodoloxía empregada para tal subida.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta. A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

Medidas curriculares e metodolóxicas:

Supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado. Entre outras, destacamos as seguintes:

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.
- O profesor comprobará constantemente o desenvolvemento de cada alumno de maneira individual na resolución das tarefas propostas, para comprobar os diferentes ritmos, intereses e necesidades dos alumnos.
- Se dialogará regularmente co resto de profesores do grupo para comparar e coñecer o desenvolvemento e comportamento dos alumnos do grupo no conxunto de todas as materias.

Medidas Comunicativas

Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar

procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

Medidas organizativas

Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos flexibles, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos máis complicados, de ser necesario pola natureza do grupo. Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade. Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X

Observacións:

1. Comprensión da lectura e expresión oral e escrita

Observación: serán traballadas de xeito habitual a través dos materiais utilizados na aula (boletíns de exercicios, caderno de traballo, realización de probas e traballos para entregar,...) e das intervencións do alumno (ben sexa realizando preguntas relativas ás explicacións da/o docente, ou coa explicación da resolución de tarefas no encerado ou coa exposición de traballos)

2. A comunicación audiovisual e a competencia dixital

Observación: O uso da aula virtual e das novas tecnoloxías utilizando aplicacións web como Geogebra e outras ferramentas dixitais (follas de cálculo, editores de texto, editores de presentacións...).

3. O emprendemento social e empresarial

Observación: propoñeranse tarefas de ampliación e alternativas que busquen fomenten a creatividade e a autonomía persoal do alumnado.

4. O fomento do espírito crítico

Observación: o espírito crítico é tratado de forma xenérica diariamente na aula. A resolución de problemas lévanos inevitablemente a esta forma de proceder, as propostas alternativas ou de mellora a unha solución dada, fomentan o espírito crítico.

5. A educación emocional e en valores

Observación: os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Paseo xeométrico	Desenvolverase unha actividade pola localidade na que se realizarán diferentes observacións, medidas e estimacións de cara a relacionar o entorno cos contidos traballados na materia.		X	
Participación no canguro matemático	Proporase ao alumnado a participación nesta actividade.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecúase a temporalización desta programación didáctica de forma axeitada ao longo do curso.

Metodoloxía empregada
Ao comezo dunha unidade, preséntaselle ao alumnado os obxectivos e competencias que se queren desenvolver as diferentes actividades a realizar e como serán avaliadas.
Motivamos ao alumnado comunicándolles os obxectivos a lograr e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándoos da súa utilidade e creándolles expectativas.
Deseñamos distintas actividades de aprendizaxe para o logro dos obxectivos.
As actividades propostas están relacionadas con situacións da vida real e o alumnado enténdeo.
Propóñense actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma, definimos os obxectivos básicos do traballo para logo avalialo.
Corríxense e explícanse de forma habitual os traballos e actividades do alumnado, dando pautas para a mellora da súa aprendizaxe.
Empréganse recursos e materiais variados para a aprendizaxe da materia, seleccionándoo en función da súa idoneidade.
Trabállanse os temas transversais.
Úsanse diferentes tipos de probas de avaliación.
Analízanse os resultados e temos en conta aqueles alumnos que se alonxan da media tanto por arriba como por abaixo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organizamos ben o tempo da clase en función das actividades a realizar.
Varíase a organización do grupo-clase.
Medidas de atención á diversidade
En función das características de cada alumno/a, plantéxanse tarefas e logros diferentes.
Propóñense novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos cando estes non foron acadados.
Propóñense novas actividades de maior nivel para o alumnado que acadou os obxectivos en profundidade.
Clima de traballo na aula
Empréganse metodoloxías diversas que favorecen o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno/a e que teñan en conta os seus intereses.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Tense en conta os acordos cos demais departamentos didácticos, así como co departamento de Orientación.
Úsanse diversos instrumentos de rexistro e medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.

Descrición:

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto 156/2022 no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar “os procesos de ensino” e a propia “práctica docente”, para o que se establecerán “indicadores de logro”. Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente adecuación da secuenciación e da temporalización, o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación e a adecuación dos procedementos de recuperación establecidos para as diferentes avaliacións, no período entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria e para o alumnado con materias pendentes.

9. Outros apartados